EXERCICIO

Nun nimbo lumioso surde o bardo adivino,
envolveito en brancuras recendentes de liño,
ollos gazos, prefundos, longa barba frorida,
cingue a frente coas hedras da coroa druida
e na man, que reloce como un lirio bendito,
ten a fouce de ouro do litúrxico rito;
a fouce segadora da mandragora, ó raio
de feitizo e de agoiro dos luares de Maio.

É Merlín o profeta, o celta ármoricán,
dos *silfos* e das *lumias* ollado por irmán,
sabidor dos encantos e os máxicos conxuros,
das virtudes das herbas e dos fados escuros,
que nos eraros dos bosques e os baixíos costeiros
deprendéu o diviño lenguaxe dos luceiros;
o bardo das edades, o da segreda cencia
que a terra fixo súa, impóndolle obedencia
ás ágoas da riada, ós rochedos do cume,
ás nubes da tormenta, á ardentía do lume.

CABANILLAS: *Na Noite estrelecida* (1926)

CUESTIÓNS:

1. Aproximación ao texto: saga a que pertence e presentación de Merlín.

2. Contido: tema, descrición física e intelectual do sabio Merlín.

3. Forma:
    - 3.1. Métrica
    - 3.2. Recursos estilísticos
    - 3.3. Léxico